

ALONSO MONTERO, Xesús (2017): *Versos dun fistor republicano, marxista, ateo e un pouco epicúreo (Antoloxía: 1963-2016)*. Vigo: Xerais, 179 pp.

Na súa antoloxía *Versos dun fistor republicano, marxista, ateo e un pouco epicúreo*, Xesús Alonso Montero reúne poemas da súa creación compostos ao longo de 53 anos. Este compendio dista moito de supor a súa obra completa, xa que a produción literaria do autor é aplísimas. Porén, si se trata dunha colección moi particular: en *Versos dun fistor republicano*, Alonso Montero pon en práctica o seu vasto coñecemento filolóxico para converterse en vate popular ou “fistor” en pleno século XXI. Esta hoxe orixinal intención explícaa ao comezo do libro, no “Prólogo non innecesario: algo sobre a poética dos fístores”, concluíndo que, coma os fístores, el canta dende “a concepción que as clases subalternas (...) teñen das cousas e da sociedade” (p. 7); porque a partir destas xurdiu o seu primeiro contacto, de mozo, coa poesía, nas “lareiras e tabernas do Ribeiro” (p. 8), e tamén porque é este o tipo de poética á que quere subscribirse ideoloxicamente.

A intención de escribir de acordo aos patróns da lírica popular por parte dun home letrado podería ter mal resultado, dando lugar a unha estética artificial ou complexa e, por tanto, ocasionando a perda da frescura e da musicalidade que a poesía de transmisión oral adoita ter. Non é o caso de Alonso Montero pois, amais de estar inmerso neste tipo de composicións dende novo, o seu profundo coñecemento opera no sentido contrario. As amplas nocións sobre a literatura galega popular e o alto manexo da palabra permítenlle xogar con esta, facer variacións e adaptar unhas formas aparentemente arcaicas a temas de completa actualidade. Non perde tampouco en ningún momento a capacidade humorística e “subalterna” deste tipo de composicións, cousa especialmente paradigmática deste filólogo, sociolingüista, poeta e ensaísta, que, ademais, é catedrático de Lingua Galega e membro da Real

Academia Galega (e o seu presidente entre os anos 2013 e 2017), do Consello da Cultura Galega e do Partido Comunista de España.

A actitude do libro maniféstase xa no seu título: o engadido “un pouco epicúreo” a uns calificativos tan serios coma “republicano”, “marxista” e “ateo”, nunha sobria portada granate, resulta chocante. Pois é este o humor do que Alonso Montero se vale en todo o compendio. Os temas e a forma das composicións son extremadamente delicados e así mesmo reaccionarios; son denuncias sobre feitos espantosos, intolerábeis ou insospeitados, sempre ben ritmados e medidos. Isto, que en principio non dá lugar a posibilidade de broma, Alonso Montero consegue revestilo dese pouco de epicureísmo para sumar á denuncia un toque de retranca que roza o cinismo, o que lle dá un carácter acedo que imprime máis volume á queixa.

A antoloxía enteira obedece a este patrón, mesmo na súa estruturación. Ao corpo do libro precédeno as dedicatorias e o “Prólogo non innecesario”, co seu “Post-scriptum”, ambas as dúas partes cheas de chiscos irónicos. A continuación, hai unha división temática por partes, cun título moi suxerente para cada unha, que son: “I. Versos escritos dende o noxo, a impotencia e a carraxe. *Execratio* contra dous asasinados: Franco, de Julián Grimau (1963), e Mario Terán, de Ernesto Che Guevara (1967)”, “II. Versos contra a Corrupción, contra os banqueiros, contra certa institución, contra o capitalismo...: contra case todo”, “III. Dous poemas sociolingüísticos e un sobre a estética da lingua”, “IV. Versos ó xeito medieval en favor do compromiso cívico da poesía e contra a Corrupción”, “V. Revolución: realidade e sinfonía dun nome”, “VI. Homenaxe a oito republicanos: tres poetas, un socialista enxebre, un

oficinista, un ebanista, un revolucionario e un anxo derrubado”, “VII. Cántigas republicanas ó xeito popular”, “VIII. Romances do Dezaseis de Febreiro de 1936”, “IX. Lectura sociolóxica de tres textos literarios” e “X. Varia: do amor, do viño, da gaita, da rexouba”. Nestas dez partes están organizados os poemas da antoloxía segundo a temática á que pertencen. Tamén hai numerosas notas explicativas elaboradas polo autor, a maioría coa intención de xustificar o motivo das súas queixas.

O ton popular e reaccionario son constantes. De feito, polo incisivo carácter político, *Versos dun fistor republicano* ata podería confundirse cunha antoloxía panfletaria. No entanto, isto só é posíbel de pasar por alto o enorme traballo lingüístico e literario que hai detrás. Alonso Montero toma coma patróns a grandes poetas, entre os que están Rosalía de Castro ou Antonio Machado, e traballa minuciosamente para que o contido que quere expor se adapte ao corpo alleo. Ademais, a base literaria está por todas partes, xa sexa en forma de imitación, de homenaxe (Lorca é un dos homenaxeados, por exemplo), loa ou elexía. Tamén é salientábel o fino xogo que Alonso Montero realiza coa palabra, á que adapta á modalidade popular, o que supón coñecer o corpus oral e ter un dominio sobre el suficientes como para naturalizalo

e plasmalo en forma literaria. Incluso os textos máis políticos agochan un fondo coñecemento dos temas a tratar, tanto dos pasados coma dos da máis inmediata actualidade. Estes motivos, entre outros, impiden calificar esta antoloxía de Alonso Montero de panfletaria.

Así, *Versos dun fistor republicano, marxista, ateo e un pouco epicúreo. Antoloxía (1963-2016)* é un máis dos tantos textos de Xesús Alonso Montero no que o autor é capaz de innovar. A importancia do libro cífrase no intento de rescate, a partir da creación propia, dun tipo de composicións que, coa merma da tradición oral, estanse a perder. Tamén supón un acto de valentía, pois Alonso Montero emprega aquí a literatura para denunciar por nomes e apelidos aqueles aos que el considera corruptos, asasinados, ladróns e mentireiros, sen se agochar tras referencias nin simboloxías de ningún tipo. No seu repaso do século XX ata a actualidade, Alonso Montero non deixa títere con cabeza. Así, a sorpresa para o lector está asegurada, máis aínda porque, mentres o autor fai a un partícipe deste tipo de denuncias, tamén o agasalla cunha gargallada a cada volta de folla.

María Isabel GÓMEZ RODRÍGUEZ
 Universidad Complutense de Madrid
 mgomez16@ucm.es